

MANIFESTO DO CONCELLO DE BRIÓN PARA CONMEMORAR O 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Que 2020 sexa un dos anos no que menos mortes de mulleres e menores se produciron ata o momento por mor da violencia machista, parece un logro. Pero si miramos a cifra, 40 mulleres e 3 menores ata o mes de novembro, cabe preguntarse si esta realidade estatística pode ser celebrada. Estamos tan afeitos a estes datos que non reparamos no que significan: 43 vidas directamente arrebatadas pola sen razón.

Neste ano, no que a emerxencia sanitaria pola pandemia obrigou ao confinamento domiciliario, lonxe de mellorar a vida de moitas mulleres fíxose, se cabe, máis difícil. Así o denunciou a Organización Mundial da Saúde (OMS).

Co gallo da celebración do día internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro), un gran número de veciños e veciñas colaboraron en 2018 e 2019 na difusión da campaña "Brión en Negro", facendo visibles nas casas e comercios, nas actividades laborais diarias, nas actividades deportivas e de ocio, o rexeitamento total á violencia machista no noso Concello.

Conscientes das dificultades actuais para organizar accións presenciais, en 2020 o maior esforzo centrase nas actividades virtuais, pero non por iso debemos deixar de tentar que se faga fisicamente visible a mensaxe de repulsa que pretendemos lograr: que non temos medo a manifestarnos abertamente en contra dos maltratadores e que as vítimas contan con nós.

Dende o Concello propoñemos a toda a veciñanza, empresas, asociación... levar a cabo durante a segunda quincena de novembro actos sinxelos de reivindicación das vítimas:

- Pegada de carteis nas ventás e outros lugares visibles das nosas casas, negocios, locais, postos de traballo...
- Utilizar os logos da campaña nas comunicacións escritas, de mail, wassap...
- Facer visible os logos da campaña nas poucas actividades grupais que aínda é posible realizar.

Este material será facilitado nas oficinas municipais (Casa do Concello e Centro Social Polivalente), tanto en formato impreso como dixital, e pode solicitarse telefonicamente ou ao través de brionennegro@briondixital.org

Asumamos un papel activo na loita contra este terror que é a violencia contra as mulleres.

